



***PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA  
IES RODEIRA - CANGAS  
2022-23***



## ÍNDICE

- o **INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**
- o **NORMATIVA ESPECÍFICA PARA O FUNCIONAMENTO DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA**
- o **AVALIACIÓN INICIAL**
- o **AVALIACIÓN FORMATIVA E CONTÍNUA: PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS**
- o **METAS E FINALIDADES DA MATERIA DE EDUCACIÓN FÍSICA**
- o **OBXECTIVOS XERÁIS DA ETAPA DA ESO, E DO BACHARELATO**
- o **CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE E. FÍSICA AO LOGRO E CONSOLIDACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE, BÁSICAS, SEGUNDO O NOVO MARCO EDUCATIVO EUROPEO**
- o **ESQUEMA MODELO DE SESION, E CLIMA DE AULA, EN EDUCACIÓN FÍSICA**
- o **PROGRAMACIÓNS DE AULA: ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, CONTIDOS, E CRITERIOS DE AVALIACIÓN, EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS, E OS OBXECTIVOS XERÁIS**
- o **TÁBOAS DE CONCRECIÓN, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS**
- o **PROCEDEMENTO E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN. MÍNIMOS ESIXIBLES**
- o **AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES POR TRIMESTRE**
- o **METODOLOXÍA DIDÁCTICA**
- o **PLAN DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES, ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO DO PLAN, E PROCEDEMENTO DE CUALIFICACIÓN DAS MESMAS**
- o **MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE**
- o **PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES**
- o **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR DO CENTRO**
- o **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC**
- o **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**
- o **PROCESOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, E MELLORA, DA PROGRAMACIÓN, O PROCESO DE ENSINO, E A PROPIA PRÁCTICA DOCENTE**
- o **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**
- o **ACTIVIDADES CULTURAI: COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO**
- o **PLAN PROXECTA 2021-22: PROXECTO DEPORTIVO DE CENTRO - CENTROS ACTIVOS E SAUDABLES**

## INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Actualmente, o concepto de “programación” está sendo claramente superado por un concepto de **“deseño curricular”** que supón a apertura a unha realidade moito máis ampla, complexa, e rica, sobre a práctica da educación. Este novo concepto, xa non se plantexa como “plan para a acción futura”, senón máis ben como o recoñecemento da importancia que teñen os procedementos que se encauzan a tratar de **expoñer e xustificar** as nosas **prácticas educativas**, e os seus **supostos**, e **principios** ou **valores** de partida.

Tratase dun tratamento curricular “baseado ou centrado na escola”, no que o verdadeiro interese radica no análise e provisión das condicións pertinentes para cambia-la práctica docente, tentando de mellora-la calidade e equidade dos procesos de ensinanza-aprendizaxe, tomando como punto de partida a **“comprensión”** dos acontecementos da aula e o centro.

Sen dúbida, xa non se trata só de planifica-la materia, senón que se trata de achegarse ó **“currículo real”** que experimentan os alumnos, transcendendo as súas dimensións “oficial” e “manifesta”, para procura-la comprensión da auténtica realidade das aulas; aquí cobra unha importancia decisiva o **“currículo oculto”**, que só se pode detectar dende unha perspectiva reflexiva e crítica sobre a nosa labor docente.

Por outro lado, un enfoque de este tipo pon un énfasis especial no desenvolvemento profesional do docente, no protagonismo do alumnado, e na consideración da aula/centro coma escenarios idóneos para a investigación e a innovación. Dende esta perspectiva, o currículo da área non pode ser considerado como un instrumento para resolver problemas xa dados, sino que debe proporcionar recursos de análise sobre os problemas, argumentos para axudar a realizar eleccións e a tomar decisións con responsabilidade.

O modelo curricular que trato de defender, xa non pode ser un modelo de “obxectivos”, só pode ser un **“modelo de proceso e de investigación”**.

Algunhas das máis serias razóns para *abandoar un modelo clásico de obxectivos*, son as seguintes:

- Os obxetivos valiosos de aprendizaxe, resultan difíciles de operativizar, de detectar, e comprobar.
- Estos fins valiosos tan só poden ser detectados en certa medida ou ante determinadas contingencias, e sempre a longo prazo. Son sempre provisionais.
- Unha exposición previa de obxetivos concretos, tende a desaproveitar ou minusvalorar oportunidades educativas imprevistas. Sempre resultan máis útiles e realistas, enunciados xerais en torno a metas amplias ou finalidades educativas compartidas.
- Os obxetivos tenden a centrarse no comportamento do alumnado, obviando outras variables educativas de gran importancia.
- Plantexan claros problemas de medida.
- En opinión de numerosos expertos e docentes, son antidemocráticos, ó especificar de antemán como a de ser o comportamento do alumnado.
- Este modelo non reflicte realmente como conciben e desenvolven a ensinanza os docentes.
- Consiste nunha planificación racional ou “a priori”, que non contempla a vida e a realidade da aula.
- Resultan difíciles de formular coherentemente, e de xeito útil.
- Plantexan evidentes problemas para a avaliación, especialmente a “formativa”.
- Promoven unha ensinanza instructiva ou academicista.

Unha valiosa alternativa, actual, para este modelo tradicional, é o **modelo ou enfoque de proceso-investigador**. Vexamos as principais **características** do mesmo:

- Trátase dun modelo crítico, que persigue a comprensión.
- Se basa no xuício do docente, e non na autoridade ou a dirección deste.
- Plantexa o desenvolvemento curricular como investigación educativa, na que se parte de problemas e non de solucións anticipadas; non busca ter razón sinon ser competente.
- Na avaliación, o docente non é só calificador, senón ademáis é crítico, e non só có alumnado; supón ademáis a preparación do alumno para a autoavaliación.
- Os principios de procedemento do ensino, son sempre provisionais e abertos a debate e crítica. Sempre problemáticos.
- A avaliación guía ó currículo, en vez de seguilo.
- Incertidume, variabilidade e diversidade da educación, aconsellan un enfoque investigador ou exploratorio-indagador, non normativo.
- Baseado nun ciclo ou espiral contínua de reflexión-acción-reflexión...
- Se fundamenta na verificabilidade situacional
- Promove, como ningún outro modelo, o desenvolvemento profesional docente.
- Céntrase en “**contidos educativos**” e “**entornos de aprendizaxe**”.

Apuntarei, a continuación, os **principios e supostos** nos que se fundamenta esta proposta curricular:

- PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO na toma de decisións curriculares.
- APERTURA Á PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS DOS ALUMNOS.
- AVALIACIÓN CONTÍNUA, CENTRADA NO PROCESO, E FORMATIVA. Con acceso dos alumnos a súa marcha no trimestre sempre có desexen. Potenciación da AUTOAVALIACIÓN, E DA REFLEXIÓN INDIVIDUAL E GRUPAL NO ALUMNADO.
- ENFOQUE ECOLÓXICO, orientado á aplicación do tempo de lecer dos alumnos, ó coñecemento do entorno, ós recursos da comunidade educativa e socioculturais, ós condicionantes contextuais e vitais dos alumnos.
- PROCESO DE INVESTIGACIÓN-ACCIÓN, E DE REFLEXIÓN CRÍTICA SOBRE A PROPIA PRÁCTICA.
- Directamente relacionada coa “AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO”
- Fomento das NTIC, das TAC, e do TRABALLO COOPERATIVO EN EQUIPO.
- Formación en COMPETENCIAS BÁSICAS.
- Contribución dende a materia ao “PLAN LECTOR DO CENTRO”.
- EDUCACIÓN EN VALORES DEMOCRÁTICOS COMO FUNDAMENTO DA CONVIVENCIA, E DO CLIMA DE AULA.
- Actividades culturais con peso específico no currículo.
- Incorporación da interdisciplinidade, e transversalidade.
- Teoría constructivista da aprendizaxe.
- Perspectiva globalizada e integral do ensino.
- Materia de E. Física, como espazo para a educación e a diversión.
- Espazo de socialización.
- Principio de “negociación” para alcanzar unha xestión compartida.
- Importancia decisiva da “TUTORÍA DE MATERIA”: Primacía da dimensión educativa da mesma.

## NORMATIVA PARA O FUNCIONAMENTO DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

1. O material de E. Física, obrigatorio será: pantalón, camiseta e calcetíns, deportivos, tenis ou zapatillas de deporte limpas para usar no pavillón. Tamén se recomenda un chandal. Para a parte teórica da materia con un bolígrafo e unha folla, durante as sesións, será suficiente. Ademais, o alumnado deberá traer material cando o profesorado o solicite.

2. O uso da ducha non é obrigatorio; recoméndase e **será tido en conta na avaliación dos alumnos**. Recoméndase, asimesmo, a vixilancia por parte dos alumnos do cumprimento dos hábitos mínimos, imprescindibles, de hixiene persoal (aseo básico, muda da roupa interior,...)

3. Se existen problemas de saúde que desaconsellen o exercicio prolongado ou intenso, os alumnos deberán traer o **certificado médico** correspondente. O alumno que necesite usar gafas nas sesións de E.F. debe **evitar en todo caso as lentes de cristal**; podendo empregar calquera tipo de gafas de lentes plásticas-orgánicas, e/ou deportivas.

4. Calquera causa que impida ós alumnos **participar** na sesión, deberá ser comunicada canto antes ó profesor de E. F. mediante **nota dos pais, ou do titor**. De non ser así, ao rematar o trimestre considerarase como **falta de participación**.

5. Se a causa lle impide participar por moitos días, é **obrigatorio xustificalo mediante certificado médico** no que se especifique, se é posible, os motivos e a data aproximada da alta médica. Cando o alumno non poda participar durante todo o curso é preferible co certificado o faga un **médico especialista**.

6. O alumno **exento** da parte práctica de E. F. deberá completar, como os demais, a **parte teórica da materia**.

7. Cando a actitude e o comportamento, reiterados, do alumno non sexan os adecuados, tanto no trato có profesor ou os seus compañeiros, como có material e as instalacións do centro, o profesor pode tomar, excepcionalmente, a decisión de **expulsar da aula** ó alumno, seguindo o procedemento establecido no centro para estes casos.

8. Os pais ou tutores dos alumnos teñen a súa disposición, por si desexan consultala, a **programación didáctica da materia de E. F.**, na web do centro. Asimesmo, os alumnos ou os seus pais, poden consultar cando o desexen a súa marcha no trimestre en curso (**nota estimada nese momento/ ou en “tempo real”**).

9. Recomendase ó alumnado un **recoñecemento médico xeral** para a práctica da E. Física en condicións de plena **seguridade**.

Agardamos a súa colaboración para a boa marcha das clases de E. F., lembrámoslles que calquera dúbida que teñan pode ser consultada directamente có profesor de E. F. (previa petición de cita, polo alumno), e rogámoslles que cubran e firmen o **“acuse de recibo”** que acompaña a esta información.

Grazas pola súa atención.

## AVALIACIÓN INICIAL (PROCEDEMENTO E INSTRUMENTOS)

- “BATERÍA ALFA/PLAN DAFIS”**: batería de tests para a valoración da condición física saudable.
- LISTAS DE CONTROL** do *“traballo de aula”*, da *“hixiene persoal”*, durante o mes previo a celebración da avaliación
- RÚBRICA DE VALORES.** (Válida para todo o curso)

<b>RÚBRICA ESO VALORES 50% Válida para os tres trimestres.</b>					
Items con estándares asociados	5	4	3	2	1
<b>PARTICIPACIÓN ESFORZO</b> PESO : 30% Estándar do departamento E.F	O alumno/a se esforza de maneira sobresaínte a diario	O alumno/a se esforza adecuadamente a diario	O alumno/a e irregular no seu esforzo diario	O alumno/a abandona ou nega as actividades programadas algunhas veces	O alumno/a abandona ou nega as actividades programadas con regularidade
<b>ASISTENCIA</b> (media con Puntualidade)	Asiste sempre á clase e realiza a práctica programada	Non asiste ou non pode realizar a práctica por causa xustificada realizando a tarefa indicada polo profesor adaptada ao seu caso	Non xustifica a ausencia ou realización da práctica e realiza a tarefa indicada polo profesor adaptada ao seu caso	Non xustifica a ausencia ou realización da práctica ata 2 sesións e non realiza a tarefa indicada polo profesor	Non xustifica a ausencia ou realización da práctica ata 4 sesións e non realiza a tarefa indicada polo profesor
<b>PUNTUALIDADE</b> (media con Asistencia)	Esta preparado para empezar a clase sempre aos 5 minutos do cambio de clase	Contabiliza 1 ou 2 retrasos no trimestre	Contabiliza 3 ou 4 retrasos no trimestre	Contabiliza máis de 5 retrasos no trimestre	Chega con retraso á clase sen xustificación razoable 2, 3 ou máis veces
<b>HIXIENE</b> 1.3.1	O alumno/a dúchase a diario ao rematar as sesións prácticas	O alumno/a cambiase de roupa e realiza un aseo básico a diario	O alumno/a cambia a camiseta e realiza un aseo básico a diario	O alumno/a non se cambia nin asea	O alumno/a non se cambia nin se asea con frecuencia e ademáis vai co sudor para clase seguinte
<b>COLABORACIÓN PROFESOR</b> 1.2.2 1.2.3	O alumno/a ofrécese voluntariamente a diario para colaborar co profesor	O alumno/a ofrécese ás veces para colaborar co profesor	O alumno/a algunha vez ofrécese (1 ou 2) para axudar ao profesor	Non se ofreceu nunca á colaborar co profesor	Á petición do profesor móstrase reacio á colaboración, puidendo non facela
<b>COLABORACIÓN ALUMNOS/AS</b> 1.2.2 1.2.3	O alumno/a ademáis de respecto, axuda aos compañeiros/as na execución das tarefas habitualmente	O alumno/a respeta aos compañeiros pero os axuda con pouca regularidade	O alumno/a respeta aos compañeiros pero ten comportamentos egoístas nas actividades propostas tratando de ser o protagonista	Existe certa falta de respecto polos compañeiros/as na execución das actividades	O alumno/a constantemente "pica" ou "insulta" aos compañeiros durante a práctica
<b>MATERIAL</b> 1.3.2	Cuida o material propio, do centro e dos compañeiros e colabora na recollida con frecuencia	Cuida o material propio, do centro e dos compañeiros e colabora na recollida algunhas veces	Cuida o material propio, do centro e dos compañeiros e non colabora coa recollida a miúdo	Maltrata ou usa o material de forma incorrecta algunhas veces	Maltrata ou usa o material de forma incorrecta moitas veces

## METAS E FINALIDADES DA MATERIA DE EDUCACIÓN FÍSICA

1	Favorecer o desenvolvemento corporal coa mellora da condición física. Tomar conciencia do propio corpo, do seu desenvolvemento e as súas capacidades. Coñecer e valorar os beneficios que aporta a práctica habitual da actividade física, e os aspectos negativos da vida sedentaria. Adquirir hábitos de hixiene e saúde, axeitados (especialmente o da práctica habitual da ducha ó remate das sesións de E.F.)
2	Adquirir e desenvolver conductas motrices que lles permitan satisfacer as súas propias necesidades, logo da valoración do estado das súas capacidades físicas e habilidades motrices, tanto básicas como específicas. Lograr un aumento do control corporal, coa experimentación de movementos que desenvolvan as cualidades motrices coordinadas.
3	Coñecer e realizar con eficacia e seguridade, actividades físicas e deportivas, amosando unha actitude de cooperación e aceptación dos distintos niveis de execución, e de risco, valorando a súa faceta lúdico-recreativa e os aspectos de relación interpersonal e de participación, e evitando discriminacións persoais, sexistas, e demais comportamentos antidemocráticos.
4	Recoñecer e valorar a riqueza expresiva do corpo e o movemento, como medios de comunicación, relación e expresión creativa. Asimesmo, potenciar a expresión oral e escrita sobre ós aspectos propios da área, e fomentando o emprego das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
5	Coñecer e vivenciar a práctica dos xogos; especialmente, os populares e autóctonos de Galicia. Valoralos como señas de identidade cultural e fomentar a súa continuidade.
6	Valorar a natureza como medio idóneo para o desenvolvemento de actividades físico-deportivas diversas, aproveitando as condicións do entorno. Coñecer as súas características, dominar os principios fundamentais de prevención de riscos e accidentes no medio natural, e fomentar a concienciación da importancia da súa conservación.
7	Contribuir á ampliación das posibilidades para unha utilización máis positiva do tempo de lecer dos alumnos, e a potenciación dunha mellor calidade de vida.
8	Acadar unha actitude de interese pola materia de E.F. e de esforzo persoal nas actividades (teóricas e prácticas); así como o hábito do respecto ós demais, as normas, as instalacións e equipamentos do centro e ó entorno; amosando unha actitude participativa, cooperativa e colaborativa, que poda contribuir eficazmente á consecución dun clima de aula positivo, dende a autonomía e responsabilidade dos alumnos.
9	Potenciar as capacidades dos alumnos para a autoavaliación e reflexión crítica, tanto a nivel individual, como grupal, sobre a realidade vital na que estamos inmersos. Contribuíndo ó desenvolvemento das habilidades mentais superiores, e as competencias precisas para afrontar, con garantías, un mundo en cambio permanente.
10	Incrementa-la participación, autonomía, iniciativa e emprendemento dos alumnos na toma razoada de decisións curriculares (opcionalidade, negociación dos proxectos trimestrais,...), e impulsa-la apertura da materia á comunidade educativa (información exhaustiva ás familias, canles de comunicación con estas sempre abertos, apertura para a participación nas actividades complementarias, uso dos recursos humanos e materiais do entorno,...)
11	Contribuir dende as perspectivas de interdisciplinidade, transversalidade, constructivismo, e integración/globalidade, ó cumprimento das finalidades, e obxectivos xerais da etapa educativa da ESO, e do Bacharelato.

## OBXECTIVOS XERÁIS DA ETAPA EDUCATIVA DA ESO

<b>a)</b>	Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
<b>b)</b>	Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
<b>c)</b>	Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
<b>d)</b>	Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
<b>e)</b>	Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
<b>f)</b>	Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
<b>g)</b>	Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
<b>h)</b>	Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
<b>i)</b>	Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
<b>l)</b>	Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
<b>m)</b>	Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
<b>n)</b>	Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
<b>ñ)</b>	Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
<b>o)</b>	Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.



## ESCALA DE ESTIMACIÓN: metas e finalidades da materia

Etapa:                                  Nivel:    Grupo:    Titor:                                  Trimestre:  
 Data do Informe:

Nº	ALUMNO	MF	MF	MF	MF	MF	MF	MF	MF	MF	MF	MF
		1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11
1												
2												
3												
4												
5												
6												
7												
8												
9												
10												
11												
12												
13												
14												
15												
16												
17												
18												
19												
20												
21												
22												
23												
24												
25												

**CLAVE:** NA (non acadados), EP (en proceso, con dificultades), SU (suficientemente),  
SA (satisfactoriamente)

**OBSERVACIONES:**

## ESCALA DE ESTIMACIÓN: obxectivos xerais da etapa

**Etapa:**                      **Nivel:**    **Grupo:**    **Titor:**                      **Trimestre:**  
**Data do Informe:**

Nº	ALUMNO	a)	b)	c)	d)	e)	f)	g)	h)	i)	l)	m)	n)	ñ)	o)	p)
1																
2																
3																
4																
5																
6																
7																
8																
9																
10																
11																
12																
13																
14																
15																
16																
17																
18																
19																
20																
21																
22																
23																
24																
25																

**CLAVE:** NA (non acadados), EP (en proceso, con dificultades), SU (suficientemente), SA (satisfactoriam.)

**OBSERVACIÓNS:**

## COMPETENCIAS CLAVE

Estas poden considerarse como aquelas aprendizaxes, imprescindibles dende un prantexamento integrador, orientadas á aplicación dos saberes adquiridos a múltiples situacións e contextos, escolares e vitais dos alumnos. Aprendizaxes que deben acadar éstos ó remate das etapas educativas, para a súa realización personal, para exercer a cidadanía activa, incorporarse axeitadamente á vida adulta, e para ser capaces de desenvolver unha aprendizaxe permanente ó longo de toda a vida.

Estabrécese ademáis que todas as materias deben contribuir o desenvolvemento e consolidación destas competencias, posto que esto só será posible dende un tratamento multidisciplinar e transversal das mesmas. Na materia de Educación Física éstas competencias se articulan, desenvolven e operativizan, a través da “*competencia motriz*”. Competencia clave, fundamental e integradora, de todas as demáis, na nosa materia.

Por outra banda, dende unha perspectiva profesional, estas competencias, xunto cós criterios de avaliación, e as metas e finalidades, constituirán os referentes fundamentais para a **avaliación formativa** do alumnado.

*A organización da contribución da área de E. Física á consecución destas competencias ,  
articúlase así:*

### COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)

1. Ofrecendo ó alumnado unha variedade de intercambios comunicativos e enriquecendo a capacidade comunicativa por diferentes linguaxes
2. Ampliando a súa bagaxe linguística con expresións, conceptos, e vocabulario, específicos da materia.
3. Dende a contribución ao plan lector do centro (“hora de lectura”), ou de fomento da lectura, con materiais e contidos específicos para a nosa materia
4. Dotenciando nas sesións a comunicación horizontal e aberta, favorecendo a expresión, oral e escrita, de puntos de vista personais, en debates, na negociación e a coxestión de proxectos e unidades didácticas, etc...
5. Nos traballos dos alumnos (posible formato dixital)

## COMPETENCIA MATEMÁTICA, E COMPETENCIA CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA (CMCCT)

1. Traballo e control, na dimensión cuantitativa no espacio e no tempo; nas distancias e traxectorias, nas dimensións, nas duracións dos acontecementos, nos ritmos, no control das pulsacións, no propio corpo
2. Dende a utilización subsidiaria de múltiples cálculos matemáticos, con fins específicos da nosa materia
3. Propiciando aprendizaxes para afrontar e superar múltiples retos e problemas motores, en múltiples situacións e contextos
4. Tratamento da saúde non só como a promoción de hábitos saudables, e como prevención; sino tamén como a esixencia dun continuo axuste corporal ás condicións do entorno, e ós seus cambios
5. Organización e adaptación da práctica da actividade física ó noso entorno, natural e escolar
6. Fomentando un enfoque educativo e <b>ecolóxico</b> , nas actividades físicas e deportivas que practicamos no medio natural
7. Garantindo a seguridade nestas actividades no medio natural, a través do coñecemento das técnicas e procedementos, riscos a controlar, elementos materiais a empregar,...
8. Promovendo a autonomía dos alumnos para o propio mantemento e mellora da súa condición física
9. Formación no uso axeitado da tecnoloxía dispoñible no campo da actividade física e o deporte

## COMPETENCIA DIXITAL (CD)

1. Promovendo e orientando as aprendizaxes para a búsqueda, o acceso, a selección, o tratamento, e a comunicación da información, tanto nas NTIC, como nos medios clásicos. Situando ós alumnos en posición de comunicadores críticos, e non simplemente receptores das novas tecnoloxías
2. No traballo cas NTIC, e nas TAC, para a produción dos traballos solicitados
3. Na formación dos alumnos no tratamento e edición de “ <i>documentos multimedia</i> ” nas tarefas da materia
4. Formación nun espírito crítico e reflexivo ante a <i>Sociedade da Información e da Comunicación</i>

## COMPETENCIAS SOCIÁIS E CÍVICAS (CSC)

1. Artellando a actividade física como facilitadora da integración, o respecto, a cooperación, a participación, o interese, a igualdade e a non discriminación, e o traballo en equipo
2. Orientando as propostas e o desenvolvemento curriculares, e a súa práctica, co enfoque educativo proposto, centrado en “proxectos comúns, negociados e compartidos, e coxestionados, seguindo as pautas, normas, e valores democráticos, e os valores deportivos recoñecidos
3. Formación para: “aprender a ser”, “aprender a pensar”, “aprender a facer”, “aprender a convivir”, e en definitiva, “aprender a aprender”, como tratamento transversal a todas as actividades da “aula de E. F.”
4. Empregando a sesión de E. F. como un espazo de socialización donde “entrenar” valores, principios, dereitos e deberes, responsabilidades, iniciativas, e a resolución dialogado dos conflitos
5. Contribuindo ó dereito cidadán á saúde, como promoción da actividade física, versus a inactividade; como factor de prevención; e como formación de hábitos saudables duradeiros para toda a vida
6. Formación nun espírito crítico e reflexivo ante a realidade social e cultural; tamén, a deportiva e as súas claves actuáis

## COMPETENCIA DE CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURÁIS (CCEC)

1. Comprensión da actividade física e deportiva como parte dunha cultura e contexto concretos; como resultado dun proceso histórico e cultural que se nos lega como <i>patrimonio de todos</i> , e que é necesario coñecer, analizar criticamente, e preservar ou mellorar/modificar
2. Actitude aberta e crítica, ante o deporte como <i>espectáculo</i>
3. Propiciar unha perspectiva intercultural da E.F., que valore a riqueza da diversidade cultural
4. Uso da actividade físico-deportiva, como realidade e posibilidade artística-creativa, explorando os recursos expresivos do corpo e o movemento, e valorando os aspectos estéticos das posibilidades e manifestacións da motricidade humana
5. Desenvolvemento específico na materia, das habilidades perceptivas, comunicativas, e creativas
6. Contribución a conservación e transmisión do noso patrimonio artístico e cultural galego (xogos e deportes tradicionais, populares e autóctonos, bailes e danzas,...)

**COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER (CAA)**

1. Aprender a organizarse, e a resolver problemas motores autónomamente
2. Desenvolver habilidades para o traballo e a aprendizaxe en equipo
3. Capacidade de transferencia das aprendizaxes a novos contextos e situacións
4. Enfoque exploratorio e investigador da proposta curricular, trasladado á acción do alumno, nas tarefas teóricas e prácticas da materia
5. Autonomía para a propia <i>planificación</i> física e deportiva, cara a mellora personal e grupal, configurándose como xestor, e participante activo ao longo de toda a vida
6. Contribución a unha mellor organización, e máis positiva ocupación, do tempo de lecer, e á ampliación das súas posibilidades
7. Axudar ao alumnado a entender a educación persoal e o aprendizaxe, como un proceso contínuo ao longo de toda a vida

**COMPETENCIA DE SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR (CSIEE)**

1. Modos de interacción social, clima de aula, e principios metodolóxicos que propician a autonomía e as iniciativas, personais e grupais
2. Formación en “principios de procedemento” para afrontar os retos, e os problemas motores, empregando a planificación e a experimentación, o esforzo, a autosuperación, a perseverancia, e unha actitude positiva ante a dificultade, e o resultado obtido
3. Importancia decisiva da autoavaliación, e da reflexión personal e grupal do alumnado sobre a realidade vital da aula de E. F.
4. Convertir ó alumnado en protagonista, tamén nos aspectos organizativos das actividades, específicas e complementarias, da materia

## INFORME: competencias clave

**Etapa:**                      **Nivel:**      **Grupo:**      **Titor:**                      **Trimestre:**

**Data do Informe:**

Nº	ALUMNO	(CCL)	(CMCCT)	(CD)	(CSC)	(CAA)	(CSIEE)	(CCEC)
1								
2								
3								
4								
5								
6								
7								
8								
9								
10								
11								
12								
13								
14								
15								
16								
17								
18								
19								
20								
21								
22								
23								
24								
25								

**CLAVE:** **IN**(Insuficiente), **SU**(Suficiente), **B**(Ben), **NT**(Notable), **SB**(Sobresaliente)

**OBSERVACIONES:**

**MEDIDAS A ADOPTAR:**

## ESCALA DE ESTIMACIÓN: criterios de avaliación

**Etapa:**                      **Nivel:**    **Grupo:**            **Titor:**                                      **Trimestre:**  
**Data do Informe:**

Nº	ALUMNO	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
1													
2													
3													
4													
5													
6													
7													
8													
9													
10													
11													
12													
13													
14													
15													
16													
17													
18													
19													
20													
21													
22													
23													
24													
25													

**CLAVE:** NA (non acadados), EP (en proceso, con dificultades), SU (suficientemente), SA (satisfactoriam.)  
**REFERENCIA DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE PARA MELLORAR/PROGRESAR:**



## ESQUEMA DE SESIÓN DE EDUCACIÓN FÍSICA

Acceso ó pavillón deportivo, e cambio de roupa no vestiario: <b>5'</b>
Presentación da sesión, e Aspectos Teóricos: <b>10'</b>
Quecemento, xeral ou específico: <b>15'</b>
Actividades introductorias, e Contidos centrais da sesión: <b>55'</b>
Flexibilidade e Relaxación (volta a calma): <b>5'</b>
Ducha / aseo básico: <b>10'</b>

**TOTAL: 100'**

## CLIMA DE AULA EN EDUCACIÓN FÍSICA

Equipación deportiva apropiada
Música de fondo (se non se comparte pista)
Ambiente positivo: <i>clima “educativo, deportivo, e de ocio e disfrute”</i> Valores democráticos como fundamento da convivencia
Comunicación alumnos-profesor, <i>sempre aberta</i>
Asistencia e participación
Esfuerzo
Interese
Autonomía, iniciativa, emprendemento, e responsabilidade
Respeto as persoas, as cousas e o entorno social e natural
Colaboración e cooperación
Cumprimento das normas básicas de convivencia no centro, e específicas do Departamento de E. Física

# **PROGRAMACIÓN DE AULA 2022-23**

## • 2º DE ESO

Educación Física. 2º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	PRESENCIAL SEMIPRESEN. ONLINE	Competencias clave
<b>Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física</b>					
<b>bm g</b>	B1.1. Fases de activación e recuperación na práctica da actividade física de carácter xeral e específica, en función da actividade que se realice realizar. B1.2. Selección e execución de xogos e exercicios apropiados para cada fase da sesión.	B1.1. Recoñecer e aplicar actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, en relación coas súas características.	EFB1.1.1. Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.	P S O	CSC CMCCT
			EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar.	P S O	CSC CAA
			EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente.	P S O	CSC
<b>ma bcd l g</b>	B1.3. Respecto e aceptación das regras das actividades, os xogos e os deportes practicados. B1.4. Papeis e estereotipos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, como fenómeno social e cultural. B1.5. Aceptación do propio nivel de execución e o das demais persoas, e disposición positiva cara á súa mellora.	B1.2. Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social, facilitando a eliminación de obstáculos á participación doutras persoas independentemente das súas características, colaborando elas e aceptando as súas achegas.	EFB1.2.1. Amosa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.	P S	CSC
			EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.	P S O	CSC
			EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza.	P S	CSC
<b>ma cd l ñ</b>	B1.6. Posibilidades do contorno próximo como lugar de práctica de actividades físico-deportivas e recreativas. B1.7. Aceptación e respecto das normas para a conservación do medio urbano e natural. B1.8. Actividade física como elemento base dos estilos de vida saudable. B1.9. Estereotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde.	B1.3. Recoñecer as posibilidades que ofrecen as actividades físico-deportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno.	EFB1.3.1. Coñece as posibilidades que ofrece o contorno para a realización de actividades físico-deportivas axeitadas a súa idade.	P S O	CSC
			EFB1.3.2. Respecta o contorno e valóralo como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.	P S O	CSC
			EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.	P S O	CSC
<b>mn g</b>	B1.10. Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, baseada na análise previa das características destas. B1.11. Protocolo básico de actuación (PAS) nos primeiros auxilios. B1.12. Emprego responsable do material e do equipamento deportivo.	B1.4. Controlar as dificultades e os riscos durante a súa participación en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, analizando as características destas e as interaccións motoras que levan consigo, e adoptando medidas preventivas e de seguridade no seu desenvolvemento.	EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para si mesmo/a ou para as demais persoas.	P S O	CSIEE CSC
			EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno.	P S O	CSIEE
			EFB1.4.3. Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable.	P S O	CSIEE

h i g e b m ñ o	B1.13. Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar, analizar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde. B1.14. Elaboración e exposición argumentada de documentos no soporte máis axeitado.	B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes.	EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.	P S O	CD CCL
			EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sinxelos sobre temas viventes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	P S O	CAA CCL
<b>Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas</b>					
n m b g l d ñ	B2.1. Experimentación de actividades artístico-expresivas utilizando técnicas de expresión corporal, combinando espazo, tempo e intensidade. B2.2. Creatividade e improvisación nas actividades artístico-expresivas de xeito individual. B2.3. Realización de bailes e danzas sinxelas de carácter recreativo e popular.	B2.1. Interpretar e producir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas de expresión corporal e outros recursos.	EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais básicas, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade.	P S O	CCEC
			EFB2.1.2. Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado de baixa dificultade.	P S O	CCEC
			EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas sinxelas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	P S	CCEC
			EFB2.1.4. Realiza improvisacións de xeito individual como medio de comunicación espontánea.	P S O	CCEC
<b>Bloque 3. Actividade física e saúde</b>					
m f b g	B3.1. Condición física. Capacidades físicas e coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, e a súa vinculación cos sistemas do organismo. B3.2. Efectos sobre a saúde da actividade física e a alimentación. B3.3. Capacidade de adaptación do organismo ante a actividade física e a práctica deportiva. B3.4. Control da intensidade do esforzo a través da frecuencia cardíaca. B3.5. Procedementos para a avaliación dos factores da condición física relacionados coa saúde. B3.6. A actividade física e o seu efecto sobre a saúde. Criterios de selección de actividades para a realización dun plan de mellora da saúde.	B3.1. Recoñecer os factores básicos que interveñen na acción motora e os mecanismos de control da intensidade da actividade física, e aplicarlos á propia práctica, en relación coa saúde e a alimentación.	EFB3.1.1. Analiza de xeito básico a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo.	P S O	CMCCT
			EFB3.1.2. Relaciona diferentes tipos de actividade física e alimentación co seu impacto na súa saúde.	P S O	CMCCT
			EFB3.1.3. Relaciona as adaptacións orgánicas principais coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e as contraindicacións da práctica deportiva.	P S O	CMCCT
			EFB3.1.4. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora dos principais factores da condición física.	P S O	CMCCT
			EFB3.1.5. Aplica con axuda procedementos para autoavaliar os factores da condición física.	P S O	CMCCT
			EFB3.1.6. Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde.	P S O	CMCCT CSC
m g f b	B3.7. Métodos básicos de adestramento para a mellora das capacidades físicas básicas relacionadas coa saúde. B3.8. Avaliación da condición física saudable e realización de actividades para a mellora desta, tendo en conta as súas características individuais.	B3.2. Desenvolver as capacidades físicas máis salientables desde a perspectiva da súa saúde de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexigencia no seu esforzo.	EFB3.2.1. Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.	P S O	CAA
			EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades.	P S O	CAA
			EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.		CAA CSIEE

	B3.9. Ergonomía e hixiene postural na práctica de actividades físicas. B3.10. Actividade física habitual e outros hábitos de vida saudables, e o seu efecto sobre a calidade de vida.		EFB3.2.4. Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física saudable, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida.	P S O	CAA
<b>Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas</b>					
<b>a b g m</b>	B4.1. Execución e avaliación de habilidades motrices vinculadas ás accións deportivas, respectando os regulamentos específicos. B4.2. Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe dos deportes individuais. B4.3. Adquisición de técnicas de progresión e orientación no medio natural, a súa aplicación en diferentes contornos.	B4.1. Resolver situacións motoras individuais aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico-deportivas propostas, en condicións adaptadas.	EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas.	P S O	CAA CSIEE
			EFB4.1.2. Autoavalía a súa execución de xeito básico con respecto ao modelo técnico formulado.	P S O	CAA CSIEE
			EFB4.1.3. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados.	P S O	CAA CSIEE
			EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación.	P S O	CAA CSIEE
			EFB4.1.5. Explica e pon en práctica técnicas de progresión nos contornos non estables e técnicas básicas de orientación, regulando o esforzo en función das súas posibilidades.	P S O	CAA CSIEE
